

CARLOS GARCÍA MARTÍNEZ, UNHA VIDA ENTREGADA A GALICIA

Felipe Arias Vilas

Sirvan estas apresuradas liñas para a sentida lembranza dun amigo, dun home posiblemente insubstituíble e irremprazable hoxe na cultura galega, que morreu na súa Compostela natal o 17 de marzo de 2018.

Trabamos coñecemento e trato con el entre finais dos anos 60 e comezos dos 70, por medio doutro ilustre xa desaparecido, Fernando Acuña Castroviejo; os dous eran discípulos directos de Fermín Bouza-Brey, que os introduciu na arqueoloxía galega e, tamén e sobre todo, no amor e na entrega a Galicia, e así acabarían por asumir, eles e algún outro, o seu papel de enlaces transmisores do espírito e do traballo dos homes do Seminario de Estudos Galegos e dunha parte do grupo Nós a xeracións case coetáneas ou posteriores, en boa medida e no noso caso a través do Instituto de Estudos Galegos P. Sarmiento, que quería recoller aquela herdanza galeguista, polo menos dalgunha maneira e tendo en conta a súa dependencia do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) central e, como se comprobou ó cabo do tempo, centralista.

Carlos García Martínez (CGM) foi o “espírito” e algo máis, bastante máis, da Sección de Prehistoria e Arqueoloxía dos anos 70, 80 e parte dos 90 que, persoalmente, nos tocou dirixir, pero como un simple *inter pares* pois era un grupo que funcionaba de xeito democrático. Un grupo que contaba co pulo e coa vixilancia continua de CGM para que non se perdesa o seu sentido galego, galeguista e mesmo nacionalista, pero ó mesmo tempo tratando de integrar tamén a persoas doutras ideas ou

sensibilidades distintas, sempre cun respecto que CGM aprendeu dos “vellos” petrucios da cultura galega coma o propio Bouza-Brey, Antonio Fraguas, Xesús Taboada Chivite, Ramón Martínez López, Filgueira Valverde..., entre outros.

Remarcaba sempre Carlos a idea dunha arqueoloxía e prehistoria concibida por e para unha Galicia global e enteira, coa súa ampla diversidade pero, sen dúbida, pensada como país. O seu campo de traballo sempre foi Galicia como nación, aínda que os seus traballos publicados, por desgraza menos dos que todos (incluído el, por exemplo, no caso dos estudos sobre O Incio) quixeramos, foron sobre todo de prehistoria e arqueoloxía, de etnografía e antropoloxía e, en xeral, sobre a historia galega, maiormente desde o punto de vista social.

Era CGM extremadamente refractario e reacio a saír fóra de Galicia para calquera cousa, dando lugar a anécdotas ás veces divertidas e ás veces case inexplicables, e iso pese ós contactos que el sempre mantiña con persoas e grupos foráneos, por ex. con responsables do CSIC, centrado en Madrid e que incidía directamente na vida do IPSEG, institución esta onde Carlos fixo investigación, traballou (*gratis et amore*) como bibliotecario e, por veces, foi verdadeiro factótum nalgúns aspectos da vida daquel Instituto P. Sarmiento.

Por iso causoulle un forte impacto a importante perda do sentido galeguista desta institución, que acabou provocando que se desfixeran, de facto, as Seccións de Arqueoloxía e de Etnografía polas que el tanto pelexara, e deu paso a unha etapa na que CGM colaborará activamente nos intentos de herdar dalgún xeito aquel espírito da terra na pretendida renovación do Seminario de Estudos Galegos promovida tamén por persoas como Isaac Díaz Pardo, e así mesmo, e logo de modo decisivo, para servir de contacto e de transmisión co Museo do Pobo Galego xurdido en 1976.

Este Museo acabou sendo precisamente a súa grande obra vital, iniciándoa con Justo Beramendi e Rafael Baltar e apoiado por persoeiros como Xaquín Lorenzo e Antonio Fraguas, pero logo acompañado por moitos outros, entre eles, o seu amigo Acuña, a quen estivo sempre moi unido pese as frecuentes discusións e retesías que eles dous mantiveron ata o seu pasamento, a penas separado por ano e medio...

Tamén en boa medida se lle debe a CGM a promoción do Consello Galego de Museos; de novo, unha idea cabal para o seu país, aglutinando centros de moi diverso tipo e características e persoas de moi distinto perfil e carácter. O seu empeño, xunto con M^a Xosé Fernández Cerviño, por iniciar e manter os Coloquios galegos de Museos queda reflectido, entre outras cousas, nas actas publicadas. Durante varios anos e ata que non puido máis, representou con moita dignidade e ansias de colaboración ós museos galegos no Consello da Cultura Galega.

Pero CGM tamén tivo unha estreita relación co Museo do Castro de Viladonga e coa súa Asociación de Amigos, da que era membro fundador desde febreiro de 1989. Este conxunto patrimonial contou sempre co seu maior apoio e cando lle foi posible participou nas súas actividades e proxectos, algo que sempre lle agradeceremos persoalmente e en nome das dúas entidades, Museo e Asociación. No nº9 (1999) deste Boletín *Croa* publicaríase Xosé Carlos Sierra unha atinada semblanza de CGM, ó serlle concedido o Premio Trasalba daquel ano.

Logo da súa morte en marzo de 2018 e ata o momento de escribir estas liñas (maio 2018) xa se fixeron varios actos na memoria de CGM, comezando polas moi emotivas honras fúnebres e rematando pola concesión a título póstumo do Pedrón de Ouro, entidade cultural da que CGM tamén foi un activo membro. A título informativo, recolleamos aquí abaixo o anexo biográfico aportado polo Padroado do Pedrón co gallo da súa concesión o 20-5-18, que contou coa intervención desa tamén insubstituíble colaboradora súa que foi M^a Xosé Fernández Cerviño, que fixo unha precisa e preciosa *laudatio* de Carlos, caracterizándoo, moi atinadamente de “torre de ética” no país. Unha referencia biográfica relativamente actualizada de CGM poderá atoparse na *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada* (2ª ed., El Progreso-Lugo, t. 21, s.v.) e, así mesmo, escribíronse agora loanzas e obituarios que destacaron varios aspectos da súa obra e da súa personalidade, por exemplo no momento da súa morte en *La Voz de Galicia* (18-3-18) onde R. Calveiro o denomina “chama da cultura galega” ou no xornal dixital *Praza.gal* onde é lembrado por Encarna Otero, que resalta que para CGM, “Galicia é unha realidade viva, un proxecto a realizar, unha cultura a preservar e a transmitir, algo que el fixo a oito (...) como investigador do territorio

humanizado (...); foi un dos bos e xenerosos, un galego con coñecemento e sabedoría que se puxo á disposición xenerosa e gratuitamente desa Galiza que tanto amou, desa Galiza que el definiu como un vello país que aínda agarda con esperanza”.

Tamén Herminia Pernas (en *El Progreso*, 30-4-2018) lembrou detalles do seu traballo cotián sempre continuo pero sobre todo humilde e en segundo plano, sen querer destacar, fuxindo de ser protagonista, algo moi característico nel, pero é igualmente certo que cunha grande teimosía, porque Carlos tamén era moi “cabezoliño”, moi teimudo no seu afán perfeccionista e nos seus confesados intentos de facer todo o mellor posible.

Que a terra che sexa leve, amigo Carlos, e que Galicia, algún día, chegue a ser como ti querías que fose.

Nota biográfica (Pedrón de Ouro 2018)

Tras licenciarse en Dereito en 1968, Carlos García Martínez (Santiago de Compostela, 25/4/1945 – 17/3/2018) vinculouse ao Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento,” onde se formou como arqueólogo, prehistoriador e antropólogo ao carón dos mestres Fermín Bouza Brey, Luís Monteagudo, Antón Fraguas, etc. Entre os traballos desta primeira etapa débense salientar os que realizou sobre a arte rupestre galega e as escavacións en necrópoles megalíticas galegas e baixo-romanas no Grove, Terra de Montes, Abelleira, Roupar, Buriz, Bexo e Argalo, etc.

Unha das áreas de preocupación de García Martínez foi a defensa e expansión da cultura popular galega e por iso se significou como un dos impulsores e fundadores do principal centro de antropoloxía e etnografía de Galicia, o Museo do Pobo Galego, no que traballou como secretario e actualmente ocupaba o cargo de director. Os corenta anos de vida do Museo do Pobo Galego son indisolubles da figura de Carlos como autor intelectual do proxecto. Este inxente labor, sempre acompañado da súa proverbial discreción, aínda lle deixou vagar para practicar a súa finura como escritor e publicista como autor de numerosos traballos de prehistoria, antropoloxía, etnografía e de divulgación cultural. Da súa bibliografía cómpre destacar o libro

De alicerces e devocións: unha ollada arredor das orixes, volume misceláneo en torno a Florentino López Cuevillas, Fermín Bouza-Brey, Antonio Fraguas e a arte prehistórica, que a Fundación Otero Pedrayo lle publicou ao distinguilo coma Premio Trasalba no ano 1999. Entre as moitas institucións culturais das que García Martínez foi membro cómpre salientar a súa activa participación no Padroado da Fundación do Pedrón de Ouro, na que o introduciron os vellos galeguistas Xaquín Lorenzo, Máximo Sar, Octavio Sanmartín e Modesto Rodríguez Figueiredo.

Polo seu compromiso sen fisuras cos alicerces e co devir do pobo galego e por toda unha vida ao servizo de Galicia e da dignidade humana, Carlos García Martínez foi distinguido, a título póstumo, co Pedrón de Ouro 2018.

